



DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DO PARLAMENTO DE GALICIA SOBRE A SITUACIÓN EN HONDURAS

Na madrugada do domingo 28 de xuño, un golpe de estado militar subverteu a legalidade democrática na República de Honduras, depoñendo o presidente lexítimo, Manuel Zelaya, e poñendo no seu lugar o golpista Roberto Micheletti.

Despois de 120 días, a resistencia do pobo hondureño contra o golpe militar provocou xa, de conformidade co Comité de Familiares de Detidos e Desaparecidos, 16 mortos, innumerables feridos e centos de detidos amoreados nos cárceres e no estadio Chochi Sosa. No entanto, prosegue o toque de queda e a suspensión das garantías constitucionais.

Neste momento, co presidente Zelaya refuxiado na embaixada brasileira en Tegucigalpa e fracasados todos os intentos de mediación internacional pola negativa dos golpistas a abandonar o poder, o Parlamento de Galicia únese á condena do golpe militar en Honduras e manifesta que a única saída é o retorno á legalidade constitucional e comezar pola restitución de Manuel Zelaya na Presidencia da República de Honduras.

Santiago de Compostela, 27 de outubro de 2009